

Publicacións varias. — Galego antigo. Elvira FIDALGO (coord.): *As Cantigas de Loo de Santa María* (edición e comentario). Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2003, 432 p.

— Francisco Javier PÉREZ RODRÍGUEZ: *Os documentos do Tombo de Toxos Outos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Sección de Patrimonio Histórico, 2004, 880 p.

— Elvira FIDALGO / Milagros MUIÑA: *Cantigas de Santa María. Proposta de explotación didáctica*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2005, 325 p.

— Mercedes BREA (coord.): *Carolina Michäelis e o Cancioneiro de Ajuda, hoxe*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2005, 374 p.

O volume consta de sete traballos cos que se quere conmemorar o primeiro centenario da aparición da edición crítica do *Cancioneiro de Ajuda* realizada pola filóloga luso-alemá C. Michäelis de Vasconcelos. Y. Frateschi ocúpase do papel desempeñado por Dona Carolina; Mariña Arbor estuda as características do códice e contrasta a bibliografía de referencia; X. Ron analiza os datos biográficos que se foron coñecendo a partir do magno estudo da editora luso-alemá e achega informacións dalgúns trovadores; G. Pérez Barcala sistematiza o funcionamento da rima nas cantigas transmitidas por ese *Cancioneiro*; M. Brea revisa a cuestión dos xéneros para confirmar en qué medida se pode considerar que as pezas compiladas son cantigas de amor; E. Fidalgo ocúpase do motivo central do corpus, a *coita* e as súas manifestacións; e R. Mariño e X. Varela esmiúzan o uso dos grafemas <u> e <v> e establecen un método de traballo que poderá extrapolarse ós demais trazos lingüísticos.

— Giuseppe TAVANI: “Unha Provenza hispánica: a Galicia medieval, forxa da poesía lírica peninsular”, *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico* 62 (abril, maio, xuño 2005), 183-191.

Trátase do discurso lido na sede da RAG, na Coruña, o 22 de maio do 2004, no acto da súa recepción como Académico de Honra.

— *Tratado de albeitaria*. Introducción, transcripción e glosario de José Luis Pensado Tomé. Revisión para a imprenta e edición en apéndice de Gerardo Pérez Barcala. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2004, 415 p.

Otras publicacións. — *Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia. Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, 2003, 623 p.

Este nomenclátor representa a culminación de varios anos de traballo da Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia, que, cumprindo o mandato legal, acometeu a fixación da toponimia de entidades de poboación na súa forma orixinal galega. Na curta introdución figuran as referencias ós decretos polos que se aprobaron os topónimos das provincias galegas e tamén os criterios cos que traballou a Comisión á hora de emitir os seus ditames. Os datos do nomenclátor pode consultarse en internet: <http://www.xunta.es/nomenclator/index.htm>.

— Carme HERMIDA GULÍAS: *Gramática práctica (Morfosintaxe)*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 2004, 361 p.

Trátase da descrición da morfoloxía e da sintaxe do galego que se quere accesible para calquera persoa que busque ampliar os seus coñecementos sobre a lingua e mellorar os seus usos. Preséntanse os usos idiomáticos recomendables e condénanse os incorrectos con exemplos tirados de escritos varios,

— Antón Santamarina: “Viaxe pola onomástica galega”, *A Trabe de Ouro. Publicación galega de pensamento crítico* 62 (abril, maio, xuño 2005), 155-182.

Este traballo lérase o 20 de setembro do 1999 como conferencia inaugural do XX Congreso Internacional de Ciencias Onomásticas organizado polo ICOS en colaboración co Instituto da Lingua Galega da USC. Díxose en galego e publicouse en inglés (“A Journey through Galician Onomastics”) nas Actas correspondentes que editou Ana I. Boullón Agrelo. [F. F. R.]